



**A CIG é, en definitiva, o teu sindicato.**

**Un sindicato que loita polos teus dereitos, a dignidade e a liberdade.**

**Un sindicato que é máis forte co teu apoio, coa túa forza e coa túa voz.**

**Un sindicato onde poderás participar, debater, propoñer e actuar.**

**Un sindicato ao que te convidamos a afiliarte e a construílo.**



**ORGANÍZATE PARA LOITAR  
LOITA PARA AVANZAR**



**AFÍLIATE!**



**Confederación Intersindical Galega**



# ORGANIZATE PARA LOITAR, LOITA PARA AVANZAR

Na Confederación Intersindical Galega centramos a nosa acción tanto na defensa dos dereitos laborais da clase traballadora como na loita pola transformación social de e desde Galiza.

A nosa fortaleza provén do modelo do sindicalismo nacionalista galego, baseado na solidariedade de clase, a democracia participativa, a combatividade, o autofinanciamento e a total independencia organizativa.

Un modelo que se remonta cinco décadas atrás, e grazas ao cal a CIG logrou converterse na principal ferramenta da clase obreira galega.



## PRIMEIRA FORZA SINDICAL DA GALIZA

- ★ A CIG é hoxe o maior sindicato de Galiza, con máis de 80.000 afiliados e afiliadas, o que constitúe preto dun 11,50% da poboación asalariada do noso país.
- ★ Con máis 5.100 delegados e delegadas, somos a primeira forza en representación sindical, encabezando a maioría dos sectores.
- ★ Non nos limitamos aos centros de traballo, senón que a través da mobilización social nos implicamos en multitude de loitas laborais e sociais.
- ★ Gozamos da condición legal de "sindicato máis representativo" a nivel de todo o Estado español, xunto a CCOO, UGT e ao sindicato vasco ELA. Esta condición que só a temos este catro sindicatos, e permite a nosa participación nos organismos oficiais tripartitos estatais e galegos.

**A CIG é o único sindicato que loita con coherencia polos dereitos dos traballadores e das traballadoras galegas no marco dun sistema económico contrario aos intereses da maioría social.**

- ★ Loitamos para combater este capitalismo depredador que acumula os beneficios nunha minoría privilegiada mentres se apropia cada día con maior impunidad da riqueza que xeramos co noso traballo. Rexeitamos as políticas de recortes, precarización laboral e empobrecemento practicadas polos diferentes gobernos.
- ★ Reivindicamos unha Galiza soberana e sen explotación, orgullosa da súa identidade cultural e lingua propias, en pé de igualdade fraternal cos restantes pobos e nacións do mundo, conforme a nosa concepción antiimperialista.
- ★ Loitamos desde a nosa convicción feminista contra o machismo, a violencia de xénero e a discriminación das mulleres, e promovemos a igualdade, a diversidade, a coeducación e a corresponsabilidade.
- ★ Apostamos pola mobilización social como o motor do cambio e pola defensa das posicións de clase e nacionais como a única forma de dar solucións ás crises concatenadas que vivimos.

# CIG 1ª FORZA SINDICAL NA GALIZA

## AUTOFINANCIAMENTO

★ A CIG autofinanciase mediante a achega económica dos nosos afiliados e afiliadas en preto dun 100% dos nosos ingresos.

★ Ese sustento que achega a afiliación permite que mantemos a nosa independencia económica como base da nosa independencia organizativa.

## INSTRUMENTOS COS QUE CONTAMOS

★ **Caixa de resistencia.** É unha ferramenta exclusiva da CIG que busca compensar parte dos custos que os traballadores e traballadoras teñen que afrontar ante as convocatorias de folga. Este acto de solidariedade económica da nosa afiliación serviúlles a moitos afiliados e afiliadas para resistir e acadar unha maior efectividade nas folgas, contribuindo deste xeito a conseguir gañar os conflitos fronte á patronal.

★ **Departamento xurídico.** Encárgase da acción xudicial e do asesoramento e defensa da nosa afiliación en casos de despedimentos, reclamacións de cantidades, vacacións, xornada laboral, pensións, prestacións por desemprego etc. É unha ferramenta imprescindible para facer valer os teus dereitos fronte ás arbitrariedades da patronal e como apoio á acción sindical.

★ **Departamentos de asesoramento económico, laboral e de igualdade.** Ocúpanse de propor-

cionar todo tipo de asesoramento técnico e informes sobre ERE, descolgues de convenios, economía social, plans e políticas de igualdade e conciliación, informes sobre novas normativas etc. Realizan estudos e análises sobre a situación socioeconómica e laboral de Galiza e dos diferentes sectores produtivos.

★ **Plan de Axuda Alimentar Solidario da CIG.** Que se mantén coas achegas solidarias da nosa afiliación, para dar apoio á afiliación con dificultades para poder cubrir as necesidades máis básicas de sustento. Este plan consiste na entrega mensual de alimentos non perecedeiros.

★ **Accións formativas.** A través de diversos plans e proxectos de formación, cooperación e investigación, co fin de ofertar e desenvolver uns servizos de calidade, axeitados ás necesidades actuais e futuras da clase traballadora galega.

# AFÍLIATE!